



**Aos catecúmenos adultos que recibirán o bautismo, a Igrexa pídelles sinais de conversión, só a eles obrígaos a conversión? E a inmensa maioría de bautizados na Igrexa, non será necesario que nos convertamos?**

“Bautizados si, pero moi lonxe de ser convertidos” escóitase dicir cando se fala do ambiente de descristianización que vai penetrando na sociedade actual. O acento ponse non tanto no bautismo, como unha forma de gañar adeptos para a relixión, senón na conversión, ou sexa, a volta ao Evanxeo dos bautizados católicos mornos e indiferentes que pouco testemuño damos da nosa fe en Xesucristo. Do Evanxeo deste domingo resaltamos o elemento conversión, integrando o chamado á conversión ecolóxica

### Evanxeo

Lc 3, 15-16. 21-22

“Como o pobo estaba expectante, e todos se preguntaban no seu interior sobre Xoán se non sería o Mesías, Xoán respondeulles dirixíndose a todos: «Eu bautízovos con auga; pero vén o que é máis forte ca min, a quen non merezo desatarlle a correa das súas sandalías. El bautizaravos con Espírito Santo e lume” E sucedeu que, cando todo o pobo era bautizado, tamén Xesús foi bautizado; e, mentres oraba, abríronse os ceos, baixou o Espírito Santo sobre el con aparencia corporal semellante a unha pomba e veu unha voz do ceo: «Ti es o meu Fillo, o amado; en ti comprázome»”

### ORACIÓN

*Pai, dáme a túa graza para oír tamén “ti es o meu fillo amado”.  
Renova a miña vida co espírito de Xesús para que o meu obrar sexa do teu agrado. Quero ser un instrumento da túa paz e comprometerme a coidar a túa obra creada.*



### Reflexión

O bautismo que Xoán administraba non era o das ablucións relixiosas xudías que ata hoxe en día se repiten. A xente acudía ao bautismo de Xoán para recibir o Mesías con arrepentimento. Podémosnos preguntar: por que Xesús recibiu o bautismo se non tiña pecado? Non necesitaba arrepentirse. Desde a nosa comprensión, o seu bautismo é un acto de solidariedade, “déixase contar cos pecadores” (CEC 536); e “manifestación do seu abaixamento” (CEC 1224) ou abaixamento ata a cruz. O bautismo do río Xordán culminou no Calvario. Co seu bautismo cumpre a vontade do Pai e Deus Pai, proclámao e manifesta publicamente: “Ti es o meu Fillo, o amado, o predilecto”.

Na Igrexa católica o bautismo é un dos sete sacramentos, é signo externo do inicio dun novo camiño de conversión ou finalización dun proceso de preparación de conversión paulatino e progresivo. Durante varios séculos o bautismo cristián realizouse logo dun tempo considerable de preparación, nun proceso coñecido como catecumenado. Todo este proceso era un verdadeiro camiño de aprendizaxe de vida cristiá. De feito, aos seguidores de Xesús adoitábaselles chamar “os que están en camiño” (Lc 25 33). Para os primeiros cristiáns recibir o bautismo era unha decisión de madurez e significaba non volver ao antigo camiño ou estilo de vida pecaminoso. Os pecadores convertidos eran, pois, os que recibían o bautismo como camiño de retorno a Deus e de seguimento de Xesús.

O bautismo de Xesús é un recordatorio do similar que ha de ser a vivencia do noso bautismo: vivir unha vida nova, reflectindo o noso ser “fillos moi amados do Pai”. Sen dúbida, isto suscítanos un exercicio de conversión permanente, algo parecido á nosa respiración para vivir, que non se realiza unha vez para sempre, vivimos respirando, vivimos o noso cristianismo converténdonos sempre. A conversión cristiá hoxe, implica a “conversión ecolóxica”, isto implica recoñecer e arrepentirnos dos nosas propios xeitos de danar o planeta (cf. LS 7) e apostar por outro estilo de vida que nos leve a coidar dos demais e do medio ambiente. A encíclica Laudato Sí´ fala exhaustivamente sobre a conversión ecolóxica (Cap V e VI).

Que xestos e accións incorporarei na miña vida diaria como parte da miña conversión ecolóxica?